# Manual de uso

PARA O ALUMNADO



# OBRADOIRO MUSICAL

# QUENTANDO MOTORES



UD1

# QUE IMOS A FACER?

Nesta primeira unidade coñeceremos a tódalas persoas encargadas de facer que a música sexa posíbel, e que acompañan os/as artistas na creación das cancións que tanto nos gustan!

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo!

# Xeneralizando



UD2

# QUE IMOS A FACER?

Nesta segunda unidade imos a coñecer os principais xéneros musicais. Aprenderemos a definilos, identificalos e escolleremos o que máis nos guste para compoñer despois a nosa propia creación.

- Rock and roll
- Hip-hop
- Música pop
- Electrónica

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo!

# Role Playing

UD3

# QUE IMOS A FACER?

Nesta terceira unidade mergullarémonos na figura do produtor musical para comezar a tomar as primeiras decisións sobre a nosa composición. Polo camiño coñeceremos as catro familias de instrumentos, os tipos de agrupacións musicais máis comúns xunto co papel que xogan as persoas que as integran, ademáis de facer un repaso polas formacións galegas máis especiais.

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo!

# ESCALEIRA MUSICAL



## UD4

# QUE IMOS A FACER?

Nesta unidade coñeceremos de cerca a figura do compositor, crearemos a nosa primeira melodía e aprenderemos a identificar cal é o noso rexistro vocal. Ademáis teremos tempo de afondar na afinación e na formación do son, na altura como calidade do mesmo e de experimentar coas frecuencias das ondas sonoras.

Todo un reto!

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e algunhas aplicacións que empregan software en aberto como son “Tux Paint” ou “OpenBoard” (cargadas por defecto na maqueta ABALAR).

# Malabaristas Da Lírica



# QUE IMOS A FACER?

Nesta unidade crearemos unha letra a medida para a melodía da nosa canción. Afondaremos nos diferentes compases musicais e coñeceremos un xénero imprescindíbel da nosa música popular; a regueifa.

Todo isto ao tempo que nos convertimos en cantautores/as e descubrimos os segredos mellor gardados para compoñer unhas boas rimas.

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesita- mos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo!


Maquinando
UD_6

# QUE IMOS A FACER?

Nesta unidade coñeceremos de primeira man a importancia da figura do arranxista musical, e empregaremos as novas tecnoloxías para crear unha partitura sinxela sobre a nosa propia composición... mellor deixala escrita por se algún día se nos esquece!

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, o programa de software libre MUSESCORE (edición de partituras musicais en aberto) e altofalantes para poder escoitar as actividades de audición. Moito ánimo!


MESTURANDO
UD7

# QUE IMOS A FACER?

Nesta unidade realizaremos un percorrido polo estudo de gravación en vivo, da man do técnico de son e do director musical; o derradeiro chanzo para poder transformar o noso arranxo musical nun arquivo de audio e reproducilo tantas veces como queiramos!

# QUE PRECISAMOS?

Para conseguilo soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes, auriculares, micrófono (opcional) e algunhas aplicacións de gravación e edición de audio como son o Audacity e o Musescore (cargadas por defecto na maqueta ABALAR).

